



## INSTRUCCIÓN ENTRADAS, SAÍDAS, COMEDOR ESCOLAR, ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E ACCESO AO CENTRO ESCOLAR POR MOR DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO ESCOLAR

Os accesos ao edificio escolar polas portas que dan ao patio de primaria estarán bloqueados durante as 3 primeiras semanas de curso, mentres non se remate a rehabilitación das fachadas do mesmo.

Mentres se produza esa incidencia, a organización das entradas e saídas será a seguinte:

### ENTRADAS:

#### Alumnado transportado:

O alumnado transportado de **Educación Primaria e Educación Secundaria** accederá ao edificio escolar pola entrada principal do edificio de ESO.

O alumnado transportado de **Educación Infantil** accederá ao edificio escolar pola porta principal do edificio de Infantil (tal e como se realizaba en cursos anteriores).

#### Alumnado non transportado:

O alumnado de **Educación Infantil** que acuda ao centro en vehículo particular ou camiñando debe acceder ao centro escolar pola entrada habitual do edificio de infantil.

O alumnado de **Educación Primaria** que acuda ao centro en vehículo particular ou camiñando debe acceder ao centro escolar pola ENTRADA PRINCIPAL DE ESO.

### SAÍDAS:

#### Alumnado usuario de comedor:

O alumnado realizará o recreo de comedor no patio de ESO e o transporte escolar o recollerá na porta principal de ESO.

As familias que recollan aos seus fillos/as ás 15:30, deben facelo por esa mesma entrada.

#### Alumnado non usuario de comedor:

As familias de **EDUCACIÓN INFANTIL** que recollan aos seus fillos/as antes do servizo de comedor, deben facelo entre as 14:05 e as 14:15 na porta principal do edificio de Infantil.

As familias de **EDUCACIÓN PRIMARIA** que recollan ao alumnado non usuario de comedor deben agardar polos seus fillos/as no PATIO DE ESO.

### PATIOS DE RECREO:

O coordinador de seguridade e saúde da obra de rehabilitación do edificio escolar, en coordinación co director de execución de obra da Unidade Técnica da Consellería de Educación estableceron a delimitación das zonas de recreo para o alumnado de Infantil e Primaria con todas as medidas de seguridade que nos garanten a ausencia de riscos para o alumnado nos seus tempos de lecer.



### **GARDAS DE BIBLIOTECA:**

As gardas de biblioteca realizaranse sen cambios, de 15:30 a 17:30. É probable que na primeira semana, mentres a biblioteca non estea limpa e acondicionada, o profesorado de garda atenda ao alumnado que precise quedar no centro para a conciliación familiar nunha aula de Primaria.

### **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:**

o Concello da Baña e a Asociación de Familias do Alumnado comunicarán coas familias usuarias para indicarlles a data de inicio das mesmas e os espazos en que se desenvolverán.

Naquelas que teñen lugar ás 15:30, despois do recreo de comedor, os monitores/as serán os encargados de recoller ao alumnado no patio de ESO e levalos ao espazo onde se realice a actividade.

### **MADRUGADORES:**

O alumnado usuario do servizo de Madrugadores accederá ao edificio escolar pola porta principal de ESO, onde o agardará a persoa monitora para acompañalos ao espazo de madrugadores.